



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Os pasados 3 e 4 de decembro celebrouse na sede da Axencia Galega de Innovación (GAIN) en Santiago de Compostela a **“Mesa temática interrexional sobre saúde e I+D+i”**, organizada pola Rede de Políticas Públicas de I+D+i.

O obxectivo desta mesa era avanzar na **cooperación**, tanto no ámbito rexional como da Administración Xeral do Estado, na **identificación de retos e oportunidades** en materia de saúde, aos que dar resposta dende a I+D+i, así como **mellorar os coñecementos** dos principais instrumentos europeos para o fomento da I+D+i e a **cooperación público-privada** en saúde e a cooperación transnacional.

Na primeira xornada fíxose un repaso polas **RIS3 rexionais** daquelas comunidades autónomas, como Galicia, que inclúen a saúde entre as súas prioridades; expuxéronse as **iniciativas de innovación sanitaria no Sistema Nacional de Saúde**; presentouse a **plataforma ITEMAS** de innovación en tecnoloxías médicas e sanitarias e o proxecto PRIS, un programa de desenvolvemento pre-comercial dos resultados de investigación do SERGAS. Tamén se desenvolveron varias **mesas redondas** sobre novos medicamentos, tecnoloxías facilitadoras esenciais (KET) aplicadas á saúde, tecnoloxías sanitarias, diagnóstico e medicina personalizada.

Na segunda xornada abordouse a **compra pública innovadora** no ámbito da saúde, onde se presentaron algúns casos de éxito da Xunta de Galicia e da Universidade de Córdoba, e iniciativas de cooperación interrexional en saúde, como a experiencia da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

FECYT xa ten dispoñible **a través da súa web** as presentacións que se realizaron nas xornadas, por se fosen do teu interese.

Agardamos que pases unhas felices festas e despedímonos até 7 de xaneiro!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.